

COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, TERMALISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de xullo de 2025**

Ás 17.56 horas do día 15 de xullo de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Gonzalo Pérez Jácome que é substituído por don Rafael Martínez Cachafeiro.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 19 DE XUÑO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de xuño de 2025.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente do día 19 de xuño de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CORRECCIÓN DE ERRO NO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A COMUNIDADE DE REGANTES “NOVA LIMIA” PARA SUBVENCIONAR A VIABILIDADE FINANCEIRA DAS ACTUACIÓNS INHERENTES AO PROXECTO DE MELLORA PARA O APROVEITAMENTO EN REGADÍO DAS 42 CAPTACIÓNS DE AUGAS SUBTERRÁNEAS NA LIMIA (EXPTE. Nº 2025/7850W).-

D. Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e do BNG (2) e a abstención de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Corrixir o erro material detectado na táboa que recolle a distribución da achega desta Deputación para subvencionar as actuacións obxecto deste convenio, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que di: *“As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”*, do seguinte xeito:

Onde di:

Anualidade	Aportación
2024	500.000,00 € (xa transferidos)
2025	500.000,00 €
2026	500.000,00 €
2027	500.000,00 €
2028	500.000,00 €
2029	500.000,00 €

2030	500.000,00 €
2031	500.000,00 €
Total anualidades 2024-2031:	4.000.000,00 €

Debe dicir:

Anualidade	Aportación
2024	600.000,00 € (xa transferidos)
2025	500.000,00 €
2026	500.000,00 €
2027	500.000,00 €
2028	500.000,00 €
2029	500.000,00 €
2030	500.000,00 €
2031	400.000,00 €
Total anualidades 2024-2031:	4.000.000,00 €

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Popular, pregunta si a Deputación ten algún coñecemento das iniciativas empresariais para adquirir explotacións mineiras na nosa provincia, en particular na de Penouta, e se se está a realizar algún seguimento.

O **presidente** contesta que o coñecemento que ten é unicamente pola prensa, lembra que as deputacións non teñen competencias nesta materia, pero que en todo caso apoiarán as iniciativas que se atopen dentro da legalidade e de respecto ao medio ambiente, como non pode ser doutro xeito.

E, ás 18.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

